



TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Difusión, técnicas de comunicación

Departamento: Xestión e actividade profesional

Formación básica

Curso: 2º

2º Cuadrimestre

4 ECTS

Teórico-práctica

Profesor: Alberto Conde albertoconde@edu.xunta.gal

Horario: 2 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Estratexias de comunicación oral, escrita e visual. Presentación de proxectos, a defensa de propostas e elaboración de informes.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X12	Elaborar proxectos de conservación-restauración, determinar follas de prescricións técnicas e elaborar orzamentos.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

CURSO ACADÉMICO 2023-2024

Acadar un dominio básico das ferramentas de transmisión de información científica especialmente no eido dos bens culturais e no eido da conservación-restauración dos mesmos.

Coñecer os principais sistemas e métodos de presentación da información e a documentación.

Acadar habilidade para o uso de ferramentas informáticas relacionadas coa difusión da información.

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidade	Subtemas	% da materia
1. Difusión e PC: novos paradigmas.	<ul style="list-style-type: none"> O papel das TIC para a disciplina da conservación-restauración Difusión e divulgación da conservación-restauración. 	10%
2. Técnicas de información e comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> Introdución ás tecnoloxías da información e da comunicación. Principais ferramentas de difusión e divulgación científica. <ul style="list-style-type: none"> Estratexias de difusión e comunicación, formatos e medios. Web, revistas científicas, exposicións, campañas, blogs, RRSS, etc. A Wikipedia como ferramenta de traballo. 	40%
3. Ferramentas, técnicas e estratexias de comunicación escrita.	<ul style="list-style-type: none"> Software de redacción e maquetación. Ideas básicas sobre formato. Epígrafes e ordenación Estilo e redacción. 	30%
4. Ferramentas, técnicas e estratexias de comunicación oral.	<ul style="list-style-type: none"> Ideas básicas sobre a comunicación oral. Estilo e técnica. 	20%

PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introdutorias	6		6
Sesións expositivas-participativas	12		12
Traballo tutelado	9	34	34
Estudos de casos, prácticas, debates e outras actividades	9	30	48
Total	36	64	100



METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado.
Sesións expositivas-participativas	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo tutelado	Traballo realizado polo alumnado, escollido entre unha serie de propostas realizadas polo profesorado. O traballo implicará actividades de difusión na rede e deberá ser presentado ante o resto do grupo.
Estudos de casos, prácticas, debates e outras actividades	Actividades realizadas na aula, de maneira colaborativa-participativa, nalgúns casos con materiais preparados previamente. Tamén poderán realizarse actividades por escrito individuais, de tamaño e tempo reducido.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Proba escrita (con acceso a materiais)	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación dos coñecementos adquiridos. • Capacidade de análise crítico. • Adquisición de competencias teóricas e prácticas. 	25%
Traballo tutelado	<ul style="list-style-type: none"> • Rigor técnico e grao de aplicación de conceptos teóricos. • Claridade e eficacia na expresión. • Calidade da presentación e participación no debate. 	35 %
Observación sistemática e outras actividades na aula	<ul style="list-style-type: none"> • Asistencia a clase, participación activa en debates e prácticas propostas. • Calidade das presentacións orais e escritas. • Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. 	40%

OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A asistencia é, por imperativo legal, obrigatoria. Na avaliación continua avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe. A non asistencia ás clases repercutirá na cualificación no apartado correspondente, pero tamén poderá implicar a perda do dereito á avaliación continua (número de faltas igual ou superior ó fixado pola normativa da Escola). Nese caso, tanto a avaliación ordinaria como a extraordinaria serán realizadas mediante un exame escrito (neste caso sen acceso a materiais), do que dependerá o 70% da nota final.



Ademais diso, o alumnado deberá entregar tamén o traballo tutelado correspondente á avaliación continua, tendo este un valor do 30%.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso, a través das titorías docentes. O uso da plataforma Moodle será obrigatoria para todo o alumnado.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

Alzua, A. 2006. *Tecnoloxías de la información y comunicación (TICs), arte y patrimonio cultural: aplicaciones, desarrollo local y aprendizaje informal. Primer Seminario Internacional Donostia-San Sebastián*. Universidad de Deusto ; Deustuko Unibertsitatea, Servicio de Publicaciones.

Bellido, M.L. (dir.) 2008. *Difusión del Patrimonio Cultural y Nuevas Tecnologías*. Universidad Internacional de Andalucía.

Cabero J. (coord.) 2007. *Nuevas Tecnologías Aplicadas a la Educación*. Madrid, Mc Graw Hill

Carreras, C (coord). 2010. *Evaluación TIC en el patrimonio cultural: metodoloxías y estudio de casos*. Editorial UOC, Barcelona.

Cattani, A. 2010. *Expresarse con acierto*. Madrid, Alianza.

Davis, F. 1998. *La comunicación no verbal*. Madrid, Alianza.

Denís, J. 1998. *Tecnoloxías de la información en la educación*. Madrid. Anaya Multimedia-Anaya Interactiva.

Gallego, D. J. y Alonso, C. M. (2002). *Tecnoloxías de la Información y la Comunicación*. Madrid, UNED.

Eco, U. 1998. *Cómo se hace una tesis. Técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura*. México, Gedisa.

Martín, D. 2003. *¿Qué es un Weblog o bitácora?*. En Minid.net

http://www.minid.net/informacion/que_es_un_weblog.php